

Informe sobre o Plan Básico Municipal de O Páramo.

"O artigo 2.1.a) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, atribúe a este órgano, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outros órganos consultivos no eido da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos previstos na súa lexislación reguladora, a competencia para emitir os informes que, con carácter preceptivo, veñan esixidos, expresamente, pola normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

O artigo 64.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo. LSG) establece que "a persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo procederá á aprobación definitiva do plan básico municipal, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo".

Este informe debe emitirse pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en virtude do previsto na disposición derradeira terceira do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

De conformidade co exposto, emítese este informe sobre o Plan Básico Municipal do Concello de O Páramo.

I. ANTECEDENTES

1. O 4.05.2017 o Concello do Páramo remitiu un escrito á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que solicitaba a redacción do Plan Básico Municipal (PBM) do Concello do Páramo por parte da consellería competente en materia de urbanismo. Esta solicitude foi reiterada o 21.08.2018.
2. O Concello do Páramo contaba con 1 388 habitantes a 01.01.2018, e con 1 347 á 01.01.2021, segundo información do Instituto Nacional de Estatística (INE) e non ten aprobado ningún instrumento de planeamento xeral, polo tanto, cumpre cos requisitos da LSG para a redacción dun PBM.
3. O documento técnico foi elaborado pola Dirección Xeral Ordenación do Territorio e Urbanismo, coa asistencia técnica do grupo de investigación 1934-TB Laboratorio do territorio da Universidade de Santiago de Compostela.

II. MARCO NORMATIVO

A Lei 2/2016, do solo de Galicia, no seu artigo 63.1, regula a figura dos plans básicos municipais como "os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5 000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral ...".

Tal e como se indica na exposición de motivos da LSG, o PBM é un documento de planificación urbanística básica, cuxas atribucións están limitadas ao recoñecemento das realidades existentes,



deixando fóra do seu ámbito competencial a posibilidade de delimitar ámbitos de desenvolvemento ou de prever a creación ou ampliación de dotacións.

Así, segundo o artigo 63.2, os PBM teñen por obxecto "... a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico".

O Plan básico autonómico foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo. Mediante a Resolución do 15 de decembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo apróbase a súa última actualización (DOG núm. 242, 22.12.2022).

O procedemento para a aprobación dos plans básicos municipais atópase regulado no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016 (no sucesivo RLSG).

III. TRAMITACIÓN

1. Segundo o procedemento regulado para a aprobación dos plans básicos municipais, no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do RLSG, o 13.02.2020 remítese á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a solicitude para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do PBM do Páramo, xunto co borrador do plan e o documento ambiental estratéxico.

2. O 17.02.2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia o período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, polo prazo de dous meses, e simultaneamente consulta ás administracións públicas afectadas.

O 14.03.2020 a tramitación do PBM do Páramo viuse afectada pola interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público decretada a raíz do Estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19. Finalmente, o 4.05.2020 autorizouse a continuación dos procedementos administrativos en materia de avaliación ambiental mediante Orde do 27 de abril de 2020 pola que se acordaba o inicio e/ou a continuación da tramitación de determinados procedementos indispensables para a protección do interese ou para o funcionamento básico dos servizos públicos no ámbito desta Consellería durante a vixencia do estado de alarma (*Diario Oficial de Galicia* núm. 84, do 4 de maio).

Constan no trámite as seguintes consultas recibidas:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, informe do 30.03.2020.
- Axencia Galega de Infraestruturas, informe do 02.04.2020.
- Instituto de Estudos do Territorio, informe do 21.04.2020.
- Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, informe do 03.06.2020.
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural, informe do 08.06.2020.
- A Dirección Xeral de Mobilidade e a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica manifestaron que non tiñan observacións a facer.
- Augas de Galicia, informe do 31.08.2020 recibido fóra de prazo.
- Confederación hidrográfica Miño – Sil, informe do 29.09.2020 recibido fóra de prazo.



- Consellería de Medio Rural - Servizo de Montes, informe do 12.03.2021 recibido fóra de prazo.

3. Tras este período de consultas, o 09.06.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico (IAE) do PBM do Concello do Páramo. O 11.06.2020 a anterior Dirección Xeral remitiu novamente o IAE coa corrección dun erro. No IAE conclúese non someter este PBM ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

O PBM xustifica a integración das determinacións do Informe Ambiental Estratéxico na documentación da avaliación ambiental estratéxica (07.AAE).

No DOG núm. 124 do 25.06.2020 publícase o anuncio polo que se fai público o IAE.

4. Con independencia do trámite ambiental e atendendo á lexislación sectorial aplicable, con carácter previo á aprobación inicial do PBM, solicitouse informe aos seguintes organismos sectoriais:

- Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS): solicitude do 04.03.2020. Non se recibiu resposta neste marco.
- Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda urbana, Infraestructuras ferroviarias: solicitude do 4.03.2020. Recibiuse o informe o 06.04.2020.

Ademais, o 18.11.2020 solicitouse certificado do Catastro Mineiro relativo aos dereitos mineiros no concello do Páramo que foi achegado o 25.11.2020.

5. O PBM do Páramo foi aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10.12.2020.

6. O 23.12.2020 solicitáronse os informes sectoriais preceptivos ás administracións competentes e o informe determinante do concello.

Na mesma data enviáronse as comunicacións preceptivas prevista no artigo 189 da Lei 3/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e a prevista no artigo 101 da Lei 5/2011, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, á Delegación de Facenda en Lugo e á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Simultaneamente, someteuse a información pública no DOG núm. 5, do 11.01.2021 por un prazo de 2 meses, facilitando a consulta do documento a través da web de documentos en información pública da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Territorio_e_urbanismo_Planeamento_urbanistico?content= SX_Ordenacion_Territorio_Urbanismo/Participacion_publica/seccion.html&std=Participacion_publica.html

Asemade, o 11.01.2021 foi publicado o anuncio en dous dos xornais de maior difusión na provincia (El Progreso e La Voz de Galicia).

7. No relativo aos informes sectoriais preceptivos, foi recadado o pronunciamento favorable dos seguintes organismos sectoriais nas datas indicadas na seguinte táboa:

Organismo público	Recepción do informe
Delegación do Goberno en Galicia. Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana	
Subdelegación do Goberno na Coruña - Área de Fomento	23.02.2021



Organismo público	Recepción do informe
Subdelegación do Goberno na Coruña - Área de Fomento – Secretaría de Estado de Enerxía – Dirección General de Política Enerxética y Minas	05.03.2021
Secretaría de Estado de Transportes, movilidad y Agenda Urbana - Secretaría General de Infraestructuras - Dirección General de Planificación y evaluación de la red ferroviaria	18.08.2021
Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital - Dirección General de Telecomunicaciones y ordenación de los servicios de comunicación audiovisual	24.06.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico - Confederación Hidrográfica do Miño-Sil - Comisaría de Augas	07.07.2021 (informe favorable condicionado) 26.09.2022 e 25.11.2022 (informes complementarios do anterior)
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto de Estudos do Territorio (IET)	11.03.2021
Consellería de Cultura, Educación e Universidade - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	01.09.2021
Consellería de Infraestructuras e Mobilidade - Augas de Galicia	06.09.2021
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda – Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático – en materia de solos potencialmente contaminados	12.01.2021
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	17.03.2021
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación – Subdirección Xeral de Minas	11.01.2021
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación – Subdirección Xeral de Enerxía	
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo - Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	11.03.2021
Consellería de Política Social – Secretaría Xeral Técnica - Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras.	5.01.2021
Redes de Telecomunicación Galegas - RETEGAL, S.A.	18.02.2021
Consellería de Infraestructuras e Mobilidade - Axencia Galega de Infraestructuras (AXI)	17.11.2021
Deputación Provincial de Lugo	16.02.2022

Organismo público	Recepción do informe
Comunicación á Delegación de Hacienda de Lugo	-
Comunicación á Consellería de Facenda e Administración Pública - Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	9.02.2021

8. Respecto das conclusións dos informes da Confederación Hidrográfica Miño – Sil, recibidos o 7.07.2021, o 26.09.2022 e o 25.11.2022 (sendo os dous segundos complementarios do primeiro), estas teñen nalgún caso carácter favorable condicionado. Así, respecto deles cabe facer as seguintes observacións:

- No relativo ao **abastecemento**:
 - As entidades con pronunciamento favorable no relativo á existencia de recursos hídricos, por existir rede de abastecemento autorizada e suficiente, son as relacionadas no punto 1 das conclusións do informe recibido o 25.11.2022.
 - Segundo o informe recibido o 26.09.2022, as concesións actuais das entidades de Outeiro (delimitada como SNR 0211 na parroquia de Friolfe) e Pedrouzos (delimitada como SNR 1002 na parroquia de Ribas de Miño) non contan coa capacidade suficiente para a demanda a teito de planeamento, polo que a CHMS considera que non queda acreditada a existencia dos recursos hídricos necesarios para o desenvolvemento do PBM.
 - Respecto das restantes entidades non incluídas nos apartados anteriores, a CHMS indica no punto 2 das conclusións do informe recibido o 25.11.2022 que, se ben neste momento non existe a dispoñibilidade xurídica dos recursos (pois se trata de núcleos que non contan con rede de abastecemento), coa aplicación do artigo 2, punto 3, do anexo II da normativa do PBM do Páramo, a dita dispoñibilidade asegúrase de xeito previo á concesión de licenza de obra para unha nova construción.
- No relativo ao **saneamento**:
 - O informe recibido o 25.11.2022 pronúnciase favorablemente no tocante ao destino dos caudais das augas residuais das entidades de Agreimonde, Trebolle, Vilarmosteiro – Campo da Feira – Seoane e Lamacemón.
 - Segundo o mesmo informe, no tocante á entidade de Rodriz (delimitada como SNR 1211 na parroquia de Sa), o pronunciamento favorable queda condicionado á ampliación do volume de vertido autorizado no expediente V/27/00078E ata os 3089,36 m³/ano.
 - Segundo o informe recibido o 07.07.2021, o pronunciamento favorable sobre o destino dos novos caudais de augas residuais da entidade do Piqueiro (delimitada como SNR 1214 na parroquia de Sa) queda condicionado á obtención da necesaria autorización de vertido, en tramitación con número de expediente V/27/00078G.
 - Segundo o informe recibido o 26.09.2022, o pronunciamento favorable sobre o destino dos novos caudais de augas residuais das entidades de Beleigán (delimitada como SNR 0106/0306 na parroquia de Adai) e Vilasante (delimitada como SNR 1701 na parroquia de Vilasante) quedan condicionados á obtención das autorizacións de vertido con número de expediente V/27/00078F e V/27/00078H que se atopan en tramitación.



- Respecto dos restantes núcleos non incluídos nos apartados anteriores, a CHMS informa no punto 5 das conclusións do informe recibido o 25.11.2022 que, se ben neste momento non existen autorizacións de vertedura, pois se trata de núcleos que non contan con rede de saneamento, coa aplicación do artigo 2, punto 4, do anexo II da normativa do PBM do Páramo, a autorización de vertedura asegúrase previamente á concesión de licencia de obra para unha nova construción.

- Á vista disto, non contan con pronunciamento favorable do organismo de bacía os seguintes núcleos rurais delimitados no PBM do Páramo: Outeiro (0211), Pedrouzos (1002), O Piqueiro (1214), Beleigán (0106/0306), Vilasante (1701) e Rodriz (1211).

9. Respecto do informe da Axencia Galega de Infraestruturas, o 18.03.2022, con posterioridade á emisión do seu informe favorable, este organismo achegou unha versión corrixida da normativa reguladora en relación á Rede Autonómica de Estradas de Galicia para a súa incorporación aos plans básicos municipais que se atopaban en tramitación. Esta nova redacción foi incorporada á normativa do PBM do Páramo.

10. Respecto do informe da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, o 15.07.2021, con posterioridade á emisión do seu informe favorable, este organismo achegou a cartografía dixital actualizada dos montes veciñais en man común do concello. Esta cartografía actualizada foi incorporada ao documento do PBM do Páramo.

11. O 02.11.2022 recibíuse a Resolución da Alcaldía do Páramo do 21.02.2022 que ratifica o informe favorable do arquitecto municipal ao PBM do Páramo do 10.02.2022.

Logo da sinatura desta resolución, o 21.12.2022 e mais o 27.12.2022, o Concello do Páramo comunicou cambios de titularidade que afectan a terreos dotacionais públicos e solicitou que se fixesen as modificacións oportunas no documento. Estas solicitudes foron atendidas e incorporáronse os cambios oportunos ao documento do PBM do Páramo (desafectación/afectación de camiño na Lagoa e parcela dotacional en Vilarmosteiro).

12. Durante o período de información pública tamén se realizou a consulta sobre as infraestruturas eléctricas no Concello do Páramo ás empresas distribuidoras e subministradoras que operan no termo municipal.

A empresa Eléctrica de Valdriz, S.L. achegou a súa información o 29.06.2021 e o 01.07.2021.

O 16.07.2021 UFD Distribución Eléctrica, S.A. derivou ao acceso da súa información á unha web de descargas, se ben non se puido acceder á información completa de todo o concello, extremo que foi comunicado á empresa o 17.11.2021. O 24.02.2022 a empresa solicitou a sinatura dun compromiso de confidencialidade que foi enviado o 09.03.2022, se ben non se recibiu a información requirida.

13. No relativo ás alegacións presentadas durante o período de información pública, recibíronse un total de 171 alegacións particulares, das que 162 foron presentadas no Concello do Páramo, 6 no rexistro da Xunta de Galicia e 3 recibíronse por correo electrónico.

Constan no expediente certificados da secretaria municipal das alegacións recibidas no concello, asinados o 15.03.2021 e o 09.08.2021. Respecto do certificado do 15.03.2021, detéctase un erro no número de alegacións indicadas no certificado, se ben este está correcto no índice de alegacións que o acompaña.



Consta informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 18.01.2023 sobre as alegacións recibidas.

Para a identificación das alegacións no anexo da memoria xustificativa do PBM (arquivo 27043_PBM_202212_AD_MX_03.5ANX_ALEG_PARTICULARES), no que se indica o seu resultado, en cumprimento da lexislación aplicable en materia de protección de datos, as alegacións codificáronse mediante a expresión L0_001, L0_002... (lote 0 e numeración correlativa) e incorporouse para a súa identificación en dito anexo, a identificación catastral e mais o lugar e a parroquia, no seu caso.

Para o seu estudo e integración no documento, algunhas destas alegacións foron desagregadas en peticións diferenciadas (L0_005_1, L0_005_2 e L0_005_3; L0_007_1 e L0_007_2; L0_063_1 e L0_063_2), o que resulta nun total de 175 peticións recibidas.

IV. INFORME

1. O Documento para Aprobación Definitiva do PBM do Páramo, de decembro de 2022, componse de dúas carpetas comprimidas, unha para cada soporte dixital preceptivo (PDF e editable):

- 27043_PBM_202212_AD_01PDF
- 27043_PBM_202212_AD_02EDIT

Acredítase a coincidencia entre soportes mediante declaración responsable asinada electronicamente, segundo o modelo do anexo 9 das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (aprobadas pola Orde do 10.10.2019, e modificadas pola Orde do 8.04.2022, en adiante NNTTPP).

2. En cumprimento do artigo 63.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e do artigo 150 e seguintes do seu RLSG, o PBM do Páramo conta cos seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa das súas determinacións (cartafol 01.MX)
- b) Análise do modelo de asentamento poboacional (cartafol 02.AMAP)
- c) Planos de información (cartafol 03.PINF)
- d) Planos de ordenación urbanística (cartafol 04.PORD)
- e) Catálogo de elementos que se deben protexer (cartafol 05.CAT)
- f) Normativa urbanística (cartafol 06.NU)

Ademais, en relación con outra normativa:

- Incorpora a documentación do trámite ambiental estratéxico simplificado (cartafol 07.AAE):
 - Documento ambiental estratéxico
 - Alternativas ambientais 0, 1 e 2
 - Informe ambiental estratéxico
 - Extracto ambiental e as medidas de seguimento
- A zonificación acústica do territorio, ao abeiro da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de



novembro, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas e do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (cartafol 04.PORD).

- Un estudo da paisaxe, ao abeiro do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).
- Unha ficha de vixencia de planeamento, segundo o modelo do anexo 7 das NNTTPP (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).

3. No tocante ao resultado da tramitación urbanística do PBM do Páramo, logo da súa aprobación inicial, constan dous anexos á memoria xustificativa (cartafol 01.MX) nos que se acredita:

- A integración das consideracións e observacións realizadas nos informes sectoriais preceptivos recibidos logo da aprobación inicial, así como no informe determinante do Concello do Páramo (arquivo 27043_PBM_202212_AD_MX_03.4ANX_INF_SECTORIAIS).

- E a integración das alegacións recibidas durante o período de información pública, identificándoas e indicando o sentido e contido da resposta dada a cada unha delas (arquivo 27043_PBM_202212_AD_MX_03.5ANX_ALEG_PARTICULARES).

4. No tocante ás determinacións do Plan Básico Municipal:

- O PBM do Páramo non clasifica ámbitos de solo urbano consolidado.
- Delimita 84 núcleos rurais (artigo 63.2.a da LSG), dos que, segundo as fichas da AMAP, 63 son tradicionais (5 deles de tipo polinuclear), 1 común e os 20 restantes combinan partes tradicionais e comúns (10 deles de tipo polinuclear).

Respecto dos núcleos delimitados, ao abeiro do artigo 149.a) do RLSG, o PBM declara subsistentes as seguintes delimitacións de núcleo rural aprobadas con anterioridade e incorpora a súa delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas:

Nome núcleo	Parroquia	Código PBM	Data da aprobación definitiva
A Costa	Gondrame (Santa María)	0401/0404/0406	8.02.2016
Pedrouzos	Ribas de Miño (Santiago)	1002	28.11.2011
A Torrente	Vilafiz (Santa María)	1503	28.11.2011
O Páramo	Vilarmosteiro (Santa Eufemia)	1612/1613	25.10.2017
Vileiriz	Vileiriz (San Salvador)	1802	15.04.2014

- Clasifica todas as categorías de solo rústico resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre O Páramo (artigo 63.2.c da LSG), tendo en conta as afeccións sectoriais delimitadas no PBA, e as consideracións establecidas nos informes sectoriais preceptivos.



- Fixa o trazado da rede viaria pública existente e a sinalización de aliñacións (artigo 63.2.d da LSG), tendo en conta as indicacións recibidas nos informes sectoriais das administracións titulares das vías.
- A normativa reproduce no seu anexo I as ordenanzas reguladoras do Plan Básico Autonómico que resultan de aplicación para o territorio municipal do Páramo (artigo 63.2.e da LSG), sen prexuízo de incorporar normativa específica do PBM con base no estudo pormenorizado do territorio e as indicacións dos informes sectoriais preceptivos no seu anexo II (artigo 149.1.e do RLSG).
- Segundo consta no Catálogo de Patrimonio Cultural do PBM, o documento cataloga o seguinte número de elementos:

Tipo do elemento	Nº elementos PBM	Nº elementos en concellos limítrofes*	Afeccións
Arqueolóxico (ARQ)	31	31	Delimitación e contorno de protección
Arquitectónico, Etnográfico e Natural	166	3	Delimitación e contorno de protección
BIC	2	2	Delimitación, contorno de protección e 1 zona de amortecemento

*Con contorno de protección ou zona de dentro do municipio do Páramo

6. A documentación do PBM do Páramo cumpre coas determinacións establecidas polos artigos 63.2 da LSG e 149 do RLSG, e está adaptado ás determinacións das NNTTTPP.

7. O PBM do Páramo atende ou xustifica as cuestións e determinacións relacionadas nos informes e consultas recibidos durante a súa tramitación.

En conclusión, o PBM do Páramo é un documento completo e axustado á lexislación vixente aos efectos de poder acadar a súa aprobación definitiva parcial, logo do informe favorable do Pleno da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

Á vista do anterior, infórmase favorablemente a aprobación definitiva parcial do Plan básico municipal do Concello do Páramo pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, deixando en suspenso os solos de núcleo rural de Outeiro (0211), Pedrouzos (1002), O Piqueiro (1214), Beleigán (0106/0306), Vilasante (1701) e Rodriz (1211) ata que se xustifique a suficiencia dos recursos hídricos ou o destino das augas residuais, segundo o caso, de acordo co indicado nos informes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.